

1 Características de Ubuntu

1.1 Instalación de Ubuntu

- A páxina de referencia é www.ubuntu.com
- Ubuntu é unha **ideoloxía humanista africana**, cuxo centro de atención é: as relacións interpersoais, a confianza mutua, as alianzas, etc. A persoa de referencia desta filosofía é **Nelson Mandela**
- A **distribución Ubuntu** baséase nesa filosofía; para iso parten da distribución **Debian** e do escritorio **GNOME**, tratando de obter unha distribución amigable, de fácil instalación, multilingüe, libre, etc. Sitios oficiais de **Debian** e **GNOME**.
- Dende a versión 10.04 Ubuntu comeza a instalar o seu propio xestor de escritorio: **Unity**. Na parte II do curso afondarase sobre os distintos escritorios. Neste enlace pódese acceder á páxina oficial de <http://unity.ubuntu.com/>
- Ubuntu saca unha **versión cada 6 meses**, estas numéranse co ano e o mes de publicación (ano.mes) e cun nome en chave (o nome dun animal xunto cun adxectivo). Así a versión na que se baseará este curso é a 14.04 LTS. Aqueles usuarios que desexen usar a 14.10, poderano facer e estar así á última.
 - ◆ Tódalas distribucións teñen soporte durante 18 meses, salvo as que leven o apelido LTS (*Long Term Support*, soporte a longo prazo), cuxo soporte é por 5 anos.
- Ubuntu para cada versión distribúese en **Varios tipos de CDs** (edicións), sinalar entre elas:
 - ◆ **Desktop CD**: é un *live-cd* que permite iniciar o ordenador sen tocar a configuración que xa ten. Unha vez iniciado o S.O. pódese tomar a decisión de instalalo permanentemente. Vén con aplicacións de usuario final.
 - ◆ **Server CD**: para instalar, en modo texto, permanentemente o S.O. Vén con aplicacións de servidor.
 - ◆ **Alternate CD**: para usuarios avanzados de Ubuntu. Para sistemas con menos de 192 MB, para realizar imaxes, actualizacións, sistemas preconfigurados, etc.
- Da distribución de Ubuntu derívanse outras varias, entre elas:
 - ◆ **Kubuntu**: mesma filosofía que Ubuntu pero baseada no contorno de escritorio **KDE**.
 - ◆ **Edubuntu**: versión de Ubuntu para educación.
 - ◆ **Xubuntu**: baseado no contorno de escritorio lixeiro **Xfce**
 - ◆ **Lubuntu**: Sistema moi xinxelo e pouco pesado para equipos antigos, baseado no contorno de escritorio lixeiro **LXDE**

Neste curso vaise realizar unha instalación dual (Microsoft Windows XXXX + Ubuntu XX.XX).

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez